

MAGNITUDES PROPORCIONAIS

1) Calcula o valor da incógnita:

a) $\frac{1}{2} = \frac{7}{x}$

b) $\frac{3}{4} = \frac{x}{2}$

c) $\frac{4}{5} = \frac{3}{x}$

d) $\frac{6}{x} = \frac{2}{5}$

e) $\frac{4}{7} = \frac{2}{x}$

f) $\frac{x}{7} = \frac{10}{2}$

2) Calcula o valor da incógnita:

a) $\frac{x}{11} = \frac{21}{33}$

b) $\frac{26}{30} = \frac{x}{45}$

c) $\frac{6}{42} = \frac{13}{x}$

d) $\frac{36}{48} = \frac{45}{x}$

3) Calcula "x" nas seguintes proporcións:

a) $\frac{15}{20} = \frac{21}{x}$

b) $\frac{28}{x} = \frac{35}{55}$

c) $\frac{6}{24} = \frac{x}{21}$

d) $\frac{x}{72} = \frac{53}{212}$

e) $\frac{x}{24} = \frac{40}{64}$

f) $\frac{17}{x} = \frac{68}{372}$

4) Unha máquina fabrica 400 chaves en cinco horas. Canto tempo necesita para facer 1000 chaves?

5) Un coche consume 8 l. cada cen quilómetros. Canto percorrerá co depósito cheo se collen 54 l.?

6) Un atleta dá oito voltas a unha pista en 12 min. Mantendo o ritmo, canto tempo tardará en dar outras cinco voltas?

7) Unha máquina enche 45 botellas de auga cada 5 min. Cantas botellas encherá nunha hora?

- 8) Unha máquina enche 45 botellas en 5 min. Canto tardará en encher 180 botellas?
- 9) Un atleta leva percorridos 15 km. en 45 min. Se continúa ó mesmo ritmo, canto tardará en correr os próximos 6 km.? Canto tardará en completar os 42 km. dunha maratón?
- 10) Se catro entradas de cine custaron 15'20 €, canto custarán dez entradas?
- 11) O dono dunha tenda paga 180 € por 15 caixas de froita. Canto debe pagar por un pedido de 25 caixas?
- 12) Un tren percorre 240 km. en tres horas. Seguindo á mesma velocidade, que distancia fará nas próximas sete horas?
- 13) Unha garrafa de dous litros de aceite custa 5'80 €. Canto custará un bidón de 5 l.?
- 14) Por 3'5 kg. de froita pago 6'30 €. Canto pagaremos por cinco quilos?
- 15) Por 2'3 kg. de peixe pago 41'40 €. Canto pagarei por un quilo e setecentos gramos?
- 16) Por un ollomol que pesaba 875 g. Ana paga 10'85 €. Canto pagará Rosa por outro ollomol de 1'2 kg?
- 17) Dúas cidades que distan 18 km. están, nun mapa, a 6 cm. Cal será a distancia real entre outras cidades que nese mapa están separadas 21 cm.?
- 18) Se un quilo de carne custa 11'20 €, canto valen 850 g.?
- 19) Un coche consume 6'4 l. de gasolina cada 100 km. Cantos km. podemos viaxar co depósito cheo se collen 56 l.?
- 20) Pago 5'85 € por un queixo que vale 7'80 € o quilo. Que cantidade merco?
- 21) Se merco 750 g. de queixo a 12'40 € o quilo, canto pago?
- 22) Nunha casa tres obreiros tardan 24 días en rematar un traballo. Canto tardarían dezaioito obreiros en facer ese traballo?
- 23) Oito obreiros constrúen un garaxe en nove días. Canto tardarían seis obreiros?
- 24) Unha billa que bota 3 litros cada minuto, tarda vinte minutos en encher un depósito. Canto tardaría se botase 5 l. por minuto?
- 25) Cinco cabalos consomen unha cantidade de herba en 18 días. Canto duraría esa herba con tres cabalos?

- 26)** Tardamos seis horas en facer unha viaxe a unha velocidade media de 80 km/h. Canto tardaríamos se foramos a unha velocidade de 90 km/h?
- 27)** Un coche a 90 km/h fai unha viaxe en cinco horas. Canto tempo tardaría se aumenta a velocidade en 10 km/h?
- 28)** Unha billa que bota 25 l. por minuto enche un depósito de auga en hora e media. Canto tardaría se botase 20 l. por minuto?
- 29)** Nove labregos sementan unha leira en media hora. Canto tardarían cinco labregos se todos traballan do mesmo xeito?
- 30)** Un gandeiro con 20 vacas ten herba para sesenta días. Se merca dez vacas, canto tempo pode alimentalas ca mesma cantidade de herba?
- 31)** Un granxeiro necesita diariamente 105 kg. de penso para alimentar 25 vacas. Que cantidade necesitaría se vendese dez vacas?
- 32)** Unha tubería que bota 45 l. por minuto enche un depósito en hora e media. Canto tardaría se botase 60 l. por minuto?
- 33)** Por enviar un paquete de 5 kg. de peso a unha cidade situada a 60 km., unha empresa de transporte cobra 9 €. Canto custaría enviar un paquete de 15 kg. a 200 km. de distancia?
- 34)** Doce obreiros traballando oito horas diarias rematan unha obra en 25 días. Canto tardarían cinco obreiros traballando dez horas diarias en facer esa mesma obra?
- 35)** Un gandeiro necesita 750 kg. de penso para alimentar 50 vacas durante dez días. Durante cantos días pode alimentar 40 vacas con 1800 kg. de penso?
- 36)** Un teatro con dúas sesións diarias pode dar entrada a 18000 persoas durante trinta días. Se fixese tres sesións, canta xente entraría en 45 días?